

## [lamirada]

por J.O.Efe

## La Bella Otero salta al cine

La actriz hispanoargentina Natalia Verbeke, que da vida a la **Bella Otero** en una miniserie televisiva que se rueda esta semana en Barcelona, ha señalado que lo que más le fascina de su personaje es su valentía y la fuerza de vivir. Basado en la novela homónima de **Carmen Posadas**, La Bella Otero muestra la vida de una mujer gallega, natural de Valga, que reinó en los escenarios más importantes de Europa y América y llenó teatros de lugares tan lejanos como Australia o Egipto entre los siglos XIX y XX. Nacida en el seno de una familia humilde de campesinos gallegos, Carolina Otero llegó a ser diosa de la Belle Époque y protagonista de múltiples aventuras con personajes de la nobleza y artistas de su tiempo. Vivió envuelta en un misterio que alimentó la envidia de sus rivales y el deseo de hombres como el **Príncipe de Gales, Leopoldo de Bélgica, el zar Nicolás II, el Príncipe de Mónaco, el Káiser Guillermo**, el millonario **Vanderbilt** o **Maurice Chevalier**.

En un descanso del rodaje, Verbeke ha comentado a la prensa: "he querido crear una Bella Otero como a mí me gustaría ser, sin pensar tanto en la época, que al final queda reducida a un escenario y un vestuario, sino en lo que pensaba el propio personaje". A juicio de Verbeke, que para preparar el papel leyó diversas biografías de la Bella Otero, "era, como artista, una mujer adelantada a su época, como lo puede ser hoy **Madonna**". La actriz se siente especialmente atraída por el personaje "por su valentía, la fuerza de vivir, por ser una luchadora que no tenía miedo a nada". Entre las lecturas preparatorias, Verbeke también pudo leer las propias memorias que escribió Bella Otero, en las que "se inventa a sí misma", aunque, añade, "en las mentiras también se pueden ver mucho las verdades". Habi-



tual de la cartelería de los últimos años con filmes como Días de fútbol, El método, El hijo de la novia o El otro lado de la cama, Verbeke no nota gran diferencia entre rodar para la tele o el cine, aunque reconoce: "en la televisión me lo paso mejor". Guarda especialmente un grato recuerdo de su participación en dos producciones televisivas, El pantano, donde descubrió "la manera de trabajar de la televisión", y Al filo de la ley, que "era casi cine en la manera de rodar". La miniserie, que tendrá una duración de 180 minutos, está siendo rodada en formato cinematográfico, cuenta con un presupuesto de siete millones de euros y es una coproducción internacional en la que participan Endemol España, ICC, TV3, Televisión de Galicia, Antena 3 y la RAI.

El rodaje comenzó en noviembre pasado en Buenos Aires, donde, según la productora **Zaza Coballos**, "se puede grabar en calles, teatros e interiores que difícilmente se encuentran en Europa" y concluirá la próxima semana en Pontevedra, donde se filmarán las escenas de la infancia de la Bella Otero. En Cataluña, el equipo, bajo la dirección de Jordi Frades, ha rodado en exteriores e interiores de Barcelona, Sitges, Caldes d'Estrac y Argentona (Barcelona), lugares que simularán en la pantalla escenarios de Nueva York y Niza. ■

**O presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez**

Touriño, solicita a concesión da Medalla ao Mérito no Traballo na súa categoría de ouro para Isaac Díaz Pardo, fundador da empresa

Sargadelos. Touriño asina unha carta de petición, redactada pola Asociación Cultural Fuco Buxán e avalada por outras personalidades como a conselleira de Cultura, Anxela Bugallo, os reitores das

universidades galegas, os alcaldes de cinco cidades galegas ou o delegado do Goberno en Galicia, Manuel Ameijeiras. Fuco Buxán renderá unha homenaxe o 2 de marzo a Díaz Pardo.



**Óscar Cobos**, onte na súa comparecencia diante da prensa xunto a Simón Díaz e María Xesús López Escudeiro. Isolma é o primeiro proceso de produción de Galicia Século XXI. IGONZALO GARCÍA

## Revolución Isolma

**MÚSICA** | A compañía Galicia Século XXI trae a Pontevedra un orixinal espectáculo de música e danza que pretende non deixar a ninguén "indiferente"

**PONTEVEDRA** | O Auditorio do Pazo da Cultura acolle o vindeiro sábado día 20 de xaneiro ás 21.30 horas o espectáculo de música e danza Isolma. A conselleira de Cultura, María Xesús López Escudeiro, presentou na mañá de onte o evento acompañada de Óscar Cobos e Simón Díaz, director artístico e presidente da compañía Galicia Século XXI (GS21), artífice do proxecto.

Isolma é o primeiro proceso de produción de GS21, un espectáculo "baseado en recursos e elementos propios da nosa tradición nun envoltorio distinto". Quere achegar a música tradicional como algo cotiá á xente de hoxe, pero dende un punto de vista diferente no que a tradición evoluciona até chegar aos nosos días adaptándose á sociedade actual. Por este motivo pódese dicir, tal como explica Óscar Cobos, que "non se trata dun espectáculo etnográfico, pero si que o sustrato está aí (...) Tránsformase o continente, pero non cambia a esencia". Así, por exemplo, o vestuario é de escena, pero pensado na rúa de hoxe en día, en deseños do século XXI. Trátase de manter vivo o legado da música e danza tradicionais galegos facéndoo camiñar cos novos tempos. Ante todo, suñan Óscar Cobos e Simón Díaz, un espectáculo para tódolos públicos no que a

finalidade última é o entretemento, "non deixar a ningúen indiferente". Para sentir este espectáculo non é preciso ser un erudito da música, simplemente estar predisposto a pasalo ben.

**¿Quén é?** GS21 é unha compañía de música e danza creada hai dous anos integrada por bailaríns e músicos de distintas partes de Galicia, na súa maioría con máis de dez anos de experiencia neste eido e procedentes de grupos de baile tradicional. Este primeiro espectáculo, "Isolma", amosa precisamente as súas aportacións novidasas froito de traballos de investigación e estudos para achegar o baile e a música de raíz galega a un público normalmente alonxado deste tipo de espectáculos, unha filosofía que impregna a compañía.

Este traballo chega a Pontevedra para representarse por segunda vez, logo da súa presentación o pasado mes de xullo en Santiago de Compostela. María Xesús López Escudeiro amosou a súa lección por poder acoller un espectáculo destas características na cidade, con este tipo de innovacións e aportacións que tanto enriquecen e manteñen viva a nosa cultura, revalorizándoa e facéndoa aínda máis nosa se cabe, ao modernizala e adaptala á

## [laclave]

## "Unha marabilla"

A conselleira de Cultura amosou onte o seu entusiasmo polo espectáculo que terá lugar no Pazo mañá sábado. "É unha marabilla polo que representa para o país", dixo López Escudeiro. "Éste é o noso patrimonio de música e danza, e desde aquí desexamos os nosos mellores desexos", engadiu. Pola súa banda, Óscar Cobos referiu unha anécdota que lle aconteceu en Santiago. "Achegouse un señor e dixo: Non son un experto na música galega, descoñezo as raíces, pero o que vín emocionoume", dixo.

actualidade. Pola súa parte, GS21 agradeceu a boa predisposición do Concello na acollida do espectáculo.

As entradas para "Isolma" pódense adquirir o mesmo día pola mañá no Pazo da Cultura, ou pola tarde unha hora antes do espectáculo. Ademais existen distintos puntos de venda anticipada en Pontevedra, Vigo, Sanxenxo e O Grove. En Pontevedra os interesados en adquirirlas entradas de xeito anticipado poderán facelo no local Entre Lusco e Fusco, sito no casco histórico da cidade. O custe das entradas é de 10 euros. Para máis información Galicia século 21 dispón dunha páxina web: <http://www.gs21.es/>.

**ISOLMA, O SÁBADO AS 21.30 NO PAZO. ■**